# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15032935 | IES Rego de Trabe | Culleredo | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 25 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 26 |
| 7.2. Actividades complementarias | 27 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

O instituto Rego de Trabe inicia a súa andaina no curso 2015-16 por desegregación do I.E.S. Eduardo Blanco Amor. Desde o curso 2020-21 o instituto afrontou unha ampliación incorporando un edificio do IES Laboral para impartir as clases de bacharelato e educación de adultos. Esta configuración do centro provoca dificultades de tipo organizativo ( traslado do profesorado que imparte clase nos dous edificios, traslado do alumnado, duplicidade dalgúns dos servizos como a biblioteca, carencia de conserxe no edificio de Mariñas. As materias da ESO impartiranse de maneira presencial no edificio principal do IES Rego de Trabe.
O Departamento de Xeografía e Historia conta este curso con cinco profesoras e profesores, sendo a Xefa do Departamento Rosa Mª Loriga Tomé. Pola súa parte, o profesor da materia de Xeografía e Historia de 3º da ESO é Octavio Mafé Astray. En calquera caso, a colaboración co resto do profesorado do departamento é constante, especialmente con aqueles que coñecen ao alumnado de cursos anteriores.
O alumnado de 3º de ESO disporá de aula virtual con recursos que complementan o seu libro de texto ( editorial Obradoiro Santillana). Nos cursos anteriores, por mor do cambio lexislativo, foi necesario elaborar unha sorte de tema introdutorio para tratar os contidos fundamentais que o alumnado non traballara en 2º da ESO (Historia Moderna). Actualmente, o alumnado de 3º da ESO xa cursou o 2º da ESO cos cambios establecidos pola LOMLOE e non existe o desfase de promocións anteriores.
A seguinte programación é resultante dun proceso de adaptación das programacións de referencia e o plantexamento dos contidos , obxectivos, procedementos de avaliación etc., propostos quedan formulados dun xeito amplo de cara a permitir que o docente, en función das características de cada grupo, poida decidir en última instancia, os aspectos a priorizar en cada caso, sen prexuizo dos obxectivos mínimos esixidos . En consecuencia, é unha programación aberta ás posibles modificacións que a práctica diaria e a experiencia docente, nos aconselle asumir como necesarias en aras de axudar ao noso alumnado na adquisición das competencias básicas . As adaptacións desta programación xeral quedarán recollidas nas actas do departamento e na memoria final de curso.
A lingua vehicular na materia de Xeografía e Historia será o galego, pero contemplarase a posibilidade de empregar a lingua castelá para aqueles alumnos/-as estranxeiros ou que proceden doutras Comunidades Autónomas e descoñecen o noso idioma.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A organización política das sociedades. O Estado español | Historicamente, as sociedades humanas tenden a organizarse en estruturas políticas complexas para tentar afrontar todas esas necesidades que as persoas non poderían cubrir de xeito individual. Desde a segunda metade do século XX, o avance das democracias e do Estado de benestar parecía unha realidade incuestionable pero, actualmente, ambos son postos en dúbida por determinados sectores da poboación. Nun mundo cada vez máis globalizado e interconectado, os Estados teñen que reforzar os seus actuais mecanismos de cooperación internacional para facer fronte a fenómenos que, cada vez máis, non entenden de fronteiras, como o cambio climático, o desenvolvemento sustentable, os grandes movementos migratorios... Neste sentido, a posición internacional de España parte da súa forte integración na Unión Europea. | 11 | 13 | X | | |
| 2 | A economía mundial. Como nos afecta a globalización? | Fenómenos como a recente crise sanitaria internacional causada polo pandemia da COVID-19 ou a guerra de Ucraína, así como as consecuencias económicas e sociais derivadas das mesmas, falan dun mundo cada vez máis pequeno e interconectado. Neste imparable proceso de globalización, a economía capitalista tivo un innegable papel protagonista. Agora, eso si, aparecen no taboleiro cada vez máis países que reclaman un peso específico no novo | 11 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | A economía mundial. Como nos afecta a globalización? | sistema internacional. | 11 | 12 | X | | |
| 3 | A produción de alimentos, clave na Axenda 2030 | Moi poucos países desenvolvidos experimentaron un crecemento económico sen unha revolución agrícola previa que, mediante a introdución de maquinaria e técnicas de cultivo modernas, lograse aumentar a produción e a produtividade. Por iso, aínda que hoxe nestes países o sector primario non emprega nin ao 5% da poboación ocupada, a súa produción medra por riba das necesidades alimentarias. Isto contrasta cos países menos desenvolvidos, en que a agricultura constitúe o sostemento das economías pero está, en xeral, moi pouco tecnificada, polo que a produción resulta insuficiente para unha poboación en alarmante crecemento. | 11 | 12 | X | | |
| 4 | A necesidade dunha industria máis sostible | O sector secundario desempeña un papel clave no crecemento económico e na creación de emprego dos diferentes países, destacando o seu papel de arrastre fronte a outros sectores económicos. Desde os inicios da Revolución Industrial a finais do século XVIII, os avances na industria e na produción enerxética marcaron o desenvolvemento da humanidade e do noso planeta. Agora, o gran reto destes sectores e conseguir manter a senda da produtividade pero minimizando o seu innegable impacto medioambiental. | 11 | 12 | | X | |
| 5 | A terciarización da economía | Na actualidade asistimos a unha terciarización das economías mundiais, pois medida que as sociedades alcanzan niveis máis altos de desenvolvemento, maior é a demanda de servizos. O comercio e os transportes son os servizos que xeran máis riqueza e emprego, sendo dous piares fundamentais para o sostemento do actual sistema capitalista. Pero nas sociedades máis avanzadas, non podemos esquecer outros servizos fundamentais como o turismo, os servizos financeiros, os servizos das TIC ou todos aqueles destinados a soster o noso estado de benestar. | 11 | 14 | | X | |
| 6 | Os retos do mundo globalizado e os ODS | A globalización económica non serviu para acabar coas enormes diferenzas sociais e rexionais que existen dentro do planeta. Máis ben ao contrario, algunhas destas situación semellan ter empeorado nas últimas décadas, porque problemas como o cambio climático afectan máis, ou polo menos antes, a aquelas persoas que viven | 10 | 6 | X | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | Os retos do mundo globalizado e os ODS | en situación de pobreza.<br>En 2015, a ONU, decidiu marcarse 17 metas para o ano 2030: os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, que buscan facer fronte a retos como a pobreza, a fame, a desigualdade de xénero ou o acceso a sanidade, a educación e a auga potable. | 10 | 6 | X | X | |
| 7 | O futuro dunha poboación que envellece | Na actualidade, dúas características definen a tendencia da poboación mundial: a desaceleración do ritmo de crecemento demográfico e o envellecemento das sociedades, que se manifesta nun aumento do conxunto de persoas en idade de xubilación.<br>Este envellecemento, moi desigual por países, comeza a cuestionar o progreso económico e o benestar social que coñecemos. Os Estados teñen que afrontar o reto de decidir como van asumir os crecentes gastos sociais derivados deste aumento da poboación maior. | 5 | 6 | | X | |
| 8 | A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo | No século XVIII, o Antigo Réxime vai comezar a recibir as súas primeiras críticas da man das ideas ilustradas. As propias monarquías absolutistas, conscientes da necesidade de afrontar os problemas socioeconómicos dos seus territorios, tentarán sacar adiante unha serie de reformas que, non obstante, evitarán cuestionar o sistema sociopolítico imperante.<br>Pese a todo, as ideas ilustradas espallaranse por Europa durante o denominado ¿Século das Luces¿, e suporán o xerme do novo mundo contemporáneo que vai nacer coas revolucións liberais de fins do século XVIII e da primeira metade do século XIX. | 15 | 13 | | | X |
| 9 | As revolucións liberais en Europa. Da servidume á cidadanía | A crise do Antigo Réxime desembocou na Revolución Francesa de 1789, acontecemento que mudou para sempre o panorama político e ideolóxico internacional, ata o punto de ser considerado como fito que marca o inicio da Idade Contemporánea.<br>Os ecos revolucionarios espallaranse polo Antigo Continente da man de Napoleón Bonaparte, provocando brotes revolucionarios como o xurdido en España. A Constitución de Cádiz de 1812, nada no fragor da Guerra de Independencia, será unha das máis avanzadas para a súa época e o texto de referencia para o liberalismo e o nacionalismo españois de todo o século | 15 | 17 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | As revolucións liberais en Europa. Da servidume á cidadanía | XIX. | 15 | 17 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A organización política das sociedades. O Estado español | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Aplica os coñecementos adquiridos na unidade para comentar textos, mapas ou gráficas con información sobre a política actual. | PE | 80 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república, estado centralizados e descentralizazdos, estados laicos, confesionais e teocráticos. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Realiza o exercicio escrito, cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | É capaz de recoñecer e explicar cales son as principais institucións, e as súas funcións, tanto do Estado español como da Comunidade Autónoma de Galicia. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os  obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Identifica organizacións como a ONU e a UE, nas que está integrado o Estado español, sinala o funcionamento das súas institucións básicas e valora a súa aportación na convivencia e integración da comunidade internacional. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Recoñece nun mapa os diferentes Estados que participan da orde política internacional. | TI | 20 |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, no que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións dos demais e o recoñecemento da muller. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna e as solucións que proporía. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A economía mundial. Como nos afecta a globalización? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente, demostrando que sabe e comprende cales son os sectores económicos e o seu peso relativo nas diferentes economías actuais. Recoñece nun mapa os diferentes Estados que participan na economía globalizada. | PE | 90 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente, demostrando que sabe cal é o reparto dos diferentes sistemas económicos no mundo e indica trazos e características dos mesmos. | | |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Analiza diversas fontes escritas e/ou iconográficas analizando e establecendo relacións entre o actual modelo de globalización e a influencia e o dominio dunha economía capitalista e liberal. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Realiza exercicios escritos nos que demostra coñecer e interpretar correctamente algúns dos principais indicadores macroeconómicos como o PIB, o PIB per capita, o IPC, as taxas de ocupación e desemprego... | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Realiza exercicios nos que identifica a grandes rasgos a complexidade do panorama internacional, marcado pola colaboración e competencia entre os diferentes Estados ou rexións, e que provoca fenómenos como o das deslocalizacións ou as migracións internacionais. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Realiza un exercicio escrito no que recoñece os diferentes axentes que interveñen na actividade ecnómica e valora o seu papel no correcto funcionamento da economía e do Estado de benestar. | | |
| | | TI | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. | É capaz de debater e argumentar sobre cal debería ser o papel do Estado nas crises económicas e nas funcións propias dun Estado de benestar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | A produción de alimentos, clave na Axenda 2030 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente demostrando saber e comprender cales son os principais tipos de modelos agropecuarios que existen no mundo. | PE | 90 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o sector primario e os diferentes elementos que conforman as paisaxes agrarias. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | É capaz de realizar con certa soltura reflexións sobre a necesidade de compaxinar a obtención dos recursos naturais necesiarios para a nosa sociedade co axeitado coidado do planeta. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica e os seus retos nas diferentes rexións do mundo, atendendo ao seu grao de desenvolvemento económico. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexiona sobre o seu propio papel como consumidor no desigual reparto da riqueza e o traballo no mundo. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |

| Contidos |
|---|
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A necesidade dunha industria máis sostible | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente demostrando saber e comprender cales son as principais características da industria actual e os diferentes factores que condicionan a súa localización. | PE | 90 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o sector secundario e as transformacións impulsadas na sociedade e no planeta polo proceso de industrialización. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | É capaz de realizar con certa soltura reflexións sobre a necesidade de compaxinar a obtención dos recursos naturais necesiarios para a nosa sociedade co axeitado coidado do planeta. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica e os seus retos nas diferentes rexións do mundo, atendendo ao seu grao de desenvolvemento económico. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexiona sobre o seu propio papel como consumidor no desigual reparto da riqueza e o traballo no mundo. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |
| - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | A terciarización da economía | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente demostrando saber e comprender a gran diversidade de actividades englobadas no sector servizos e o seu papel clave no actual proceso de globalización económica e social. | PE | 90 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o sector terciario e a súa crecente importancia nas economías máis desenvolvidas. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | É capaz de realizar con certa soltura reflexións sobre a necesidade de compaxinar a obtención dos recursos naturais necesiarios para a nosa sociedade co axeitado coidado do planeta. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Realiza exercicios escritos cun nivel suficiente demostrando saber e comprender as diferenzas existentes entre os servizos públicos e os servizos privados, valorando o papel do sector público como garante da sociedade do benestar. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexiona sobre o seu propio papel como consumidor no desigual reparto da riqueza e o traballo no mundo. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, |

| Contidos |
|---|
| - España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Os retos do mundo globalizado e os ODS | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Elabora un traballo de investigación sobre un tema proposto demostrando unha comprensión suficiente sobre o mesmo: concepto, localización, evolución no tempo. | TI | 100 |
| CA1.3 - Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e doutras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Emprega e identifica correctamente diferentes fontes de información para explicar algún dos dezasete ODS e fai propostas sobre como afrontar eses retos. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Explica como un mesmo problema ou realidade social afecta de xeito desigual a diferentes rexións do mundo ou colectivos sociais. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo no que expoña os resultados da súa investigación e as súas conclusións persoais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Realiza propostas razoables sobre como poderíamos afrontar un problema actual, xa sexa como sociedade ou como individuos concretos. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre un dos grandes retos aos que se enfrenta o mundo actual, identificando aceptablemente as causas e consecuencias dese reto. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Participa nun debate, na aula ou no foro, no que expresa a súa propia opinión e respecta as intervencións dos seus compañeiros e compañeiras. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | É capaz de realizar con certa soltura, de xeito oral ou escrito, valoracións sobre os temas tratados nas exposicións dos seus compañeiros e realizar algunha ou varias propostas para afrontar ese reto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O futuro dunha poboación que envellece | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e doutras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade mapas e gráficos sobre o Desenvolvemento Sustentable, a mobilidade da poboación, a distribución do traballo e as dificultades para manter o Estado de benestar no actual contexto demográfico español e galego. | PE | 80 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde a preguntas cun nivel suficiente demostrando saber e comprender a evolución demográfica e migratoria das sociedades española e galega ao longo dos últimos séculos. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Realiza un exercicio escrito demostrando entender os actuais retos demográficos da sociedade española e propoñendo medidas para afrontalos. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Responde a preguntas cun nivel suficiente demostrando saber e comprender o que son os movementos migratorios nun mundo globalizado, causas e consecuencias e aspectos positivos e negativos. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre a mobilidade da poboación e a multiculturalidade e o respecto ás minorías. | TI | 20 |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo identificando algúns dos problemas aos que se enfrentan as minorías inmigrantes nas sociedades de acollida e os mecanismos ou organizacións dos que dispoñen para os axudar neste proceso. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
| --- |
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
| --- | --- | --- |
| 8 | A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo | 13 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | En certa medida, ordena as etapas históricas e entende como se escribe a Historia. É capaz de indicar algunha fonte para facer Historia. | PE | 90 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñece e identifica os cambios que tiveron lugar na España do século XVIII e as consecuencias que tiveron para a formación do futuro Estado español e a súa diversidade. | | |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, económicas e sociais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía. | Realiza cun certo nivel de coñecemento un exame escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunhas das súas críticas ao Antigo Réxime. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Realiza un exercicio escrito cun nivel de suficiencia no que comenta un texto histórico guiado sobre os sistemas políticos imperantes na Europa do século XVIII e/ou sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Redacta e expón o legado das correntes ilustradas na actualidade, no funcionamento das democracias actuais e nas institucións propias das mesmas. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Explica dun xeito comprensible as reformas económicas e políticas acometidas polos Borbóns e reflexiona sobre a súa influenza na actualidade, no senso de establecer relación coa actual organización territorial do Estado. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Identifica cun certo grao de comprensión os efectos que tivo a centralización borbónica sobre a diversidade territorial de España. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Realiza case sen axuda do docente tarefas propostas sobre a Europa, a España e a Galicia do século XVIII, como cuestionarios, test... nos que emprega a información obtida de diversas fontes. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |

| Contidos |
|---|
| - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | As revolucións liberais en Europa. Da servidume á cidadanía | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Analiza de xeito guiado fontes históricas primarias e secundarias sobre as revolucións liberais e comprende os cambios sociopolíticos que representan. | PE | 80 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Demostra que sabe pescudar e expresar o significado de termos históricos como revolución, burguesía, democracia, constitución... | | |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía. | É capaz de realizar unha liña do tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época, incluindo acontecementos da historia española e universal. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Explica dun xeito suficiente o concepto de revolución burguesa e cita algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Fai un exercicio escrito comprensible no que ennumera os motivos que conduciros ás principais revolucións liberais burguesas. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Responde de xeito sucinto ás preguntas sobre o proceso de Indenpendecia das colonias americanas, sobre a Revolución Francesa e sobre o proceso que desembocou na revolución liberal española. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Elabora unha presentación sobre un personaxe (home ou muller) da época e sobre o seu papel nos sucesos revolucionarios. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar en todos os niveis será activa e participativa promovendo o traballo individual e en equipo para que os alumnos/-as poidan aprender a aprender por si mesmos ao tempo que desenvolven estratexias de traballo en equipo .
De cara a favorecer no alumnado a autoavaliación da propia aprendizaxe fomentaremos aincorporación do portafolio e o diario de clase. Estes instrumentos tamén permitirán ao profesor/-a o seguimento e evolución de cada alumno/-a ao tempo que poden servir como indicadores de logro para avaliar o propio proceso de ensino-aprendizaxe.
Para ter en conta as diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado, poderán programarse actividades

de reforzo ou ampliación, adaptación de contidos e/ou materiais. No caso de alumnos/-as con necesidades educativas especiais, traballaremos en colaboración co Departarmento de Orientación de cara a implementar as adaptacións que se consideren precisas.
En calquera caso potenciaremos o traballo en equipos cooperativos heteroxéneos e flexibles ao longo do curso para favorecer a tutorización entre os propios alumnos e afianzar valores como o respecto á diferenza e a solidariedade.
Na práctica de ensino-aprendizaxe integrarase, na medida que o permitan os recursos disponibles, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, facendo especial fincapé na educación informacional e no uso seguro de Internet.
A lectura ocupará un lugar importante no desenvolvemento curricular, como tempo de lectura ennclase , e mediante a lectura voluntaria de libros da biblioteca relacionada cos centros de interés de
cada nivel. Propoñeremos lecturas voluntarias de diferente tipo e dificultade para poder atender a diversidade de intereses e niveis lectores dos nosos alumnos/as.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto. Santillana. |
| Aula Virtual con materiais elaborados polo profesorado e enlaces de interés. |
| Prensa unha vez por semana. |
| Biblioteca do centro. |
| Aula de Informática. |

Ao seren un centro de recente creación, os recursos materiais dispoñibles son limitados.Para o traballo dos alumnos coas novas tecnoloxías só podemos coa disponibilidade da aula de informática e os ordenadores dispoñibles na biblioteca. Pero cabe sinalar que a ocupación da aula de informática e da biblioteca vai limitar considerablemente o noso acceso. Os recursos da biblioteca aínda son escasos a nivel bibliográfico,pero farase o esforzo para poder cubrir as nosas necesidades.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao longo do mes de setembro realizaremos unha serie de actividades ( tarefas en clase e probas obxectivas) para avaliar competencias básicas e os coñecementos previos relacionados cos contidos a traballar ao longo do curso de cara a adoptar as medidas educativas necesarias en cada caso.
Paralelamente faremos un seguimento de cada alumno na aula respecto a súa actitude respecto á aprendizaxe, a organización e o coidado dos materiais, nivel de comunicación oral e escrita, empatía, autonomía e iniciativa persoal, integración no grupo.
Completaremos esta información coas aportacións do titor/a ( historial académico dos alumnos,circunstancias familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe, etc.) , do equipo docente e do Departamento de Orientación.
Na xunta de avaliación inicial decidiranse as medidas a adoptar en cada caso e procederemos a implementar as medidas específicas na área de Xeografía e Historia que se consideren pertinentes (medidas organizativas e medidas curriculares- itinerarios de reforzo ou ampliación, adaptacións do currículo etc).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **10** | **5** | **15** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 80 | 90 | 90 | 90 | 90 | 0 | 80 | 90 | 80 | **78** |
| **Táboa de indicadores** | 20 | 10 | 10 | 10 | 10 | 100 | 20 | 10 | 20 | **22** |

**Criterios de cualificación:**

Como norma xeral establécense os seguintes criterios, matizando que nalgúnhas unidades didácticas estas porcentaxes poderán verse alteradas potenciando unha maior valoración do portafolio.
Portfolio 20 %
Probas obxectivas 80 %
Este Departamento quere deixar constancia escrita dos seguintes aspectos:
- Realizaranse, alomenos, 2 probas presenciais por avaliación.
- Para acadar avaliación positiva, non só se contemplarán os resultados das probas obxectivas, senón tamén o desenvolvemento do traballo diario na clase e a presentación e execución axeitada das tarefas e traballos programados para cada nivel de refencia ou nas correspondentes adaptacións curriculares.
- A non presentación dos traballos ou a execución descoidada dos mesmos serán susceptibles de recuperación.

A nota final de curso será a resultante da media ponderada con decimais das cualificacións non redondeadas, obtidas en cada unha das avaliacións, cualificación á que se lle aplicará o seguinte tratamento:
- Con decimal igual ou maior a 0,5 pasará ao número enteiro seguinte. Con decimal menor de 0,5 continuará co mesmo número enteiro. Ex: 5,5 pasará a 6, mentres que 5,4 contemplarase como 5.
Para a cualificación final do curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:
Nota final=[(Nota 1ª aval. x 34) + (Nota 2ª aval. x 33) + (Nota 3ª aval. x 33)] / 100.

Probidade académica ( aspectos a ter en conta no proceso de avaliación e cualificación):
- O alumnado que non se presente, sen causa xustificada, a unha proba presencial, será avaliado cun 0 nesa proba. Se o/a alumno/a ten causa xustificada documentalmente, poderá realizar a proba data no momento da súa incorporación ao centro.
- O alumnado que copie ou intente copiar nunha proba escrita será avaliado cun 0.
- As tarefas non presentadas contabilizarán como 0 .
- As tarefas presentadas fóra de prazo, sen causa xustificada, serán cualificadas cun 0. En caso de poder documentar causa xustificada, a profesora sinalará ao alumno/a un novo prazo de entrega
- As tarefas presentadas deberán ser producións propias do alumno/a. As tarefas que non sexan orixinais serán cualificadas cun 0.

**Criterios de recuperación:**

No caso de que o/a alumno/a non aprobara unha avaliación, e polo tanto non acadara os requisitos mínimos necesarios, disporá dunha proba de recuperación da 1ª avaliación e outra da 2ª.
As recuperacións parciais serán dunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso polo que os criterios de cualificacion da proba de recuperación serán os mesmos que os fixados para a avaliación trimestral e puntuarase numericamente de cero a dez.
O alumnado que non acade avaliación positiva ao remate da terceira avaliación, poderá realizar unha proba de recuperación final no mes de xuño. Para aprobar a materia, a nota global deberá ser igual ou superior a cinco.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento de Xeografía e Historia, deseñará un programa de reforzo para que os alumnos poidan traballar ao longo do curso e recuperar a materia pendente de 2º da ESO.
O alumnado deberá realizar as tarefas propostas no programa correspondente co seguemento do/a profesor/a do grupo de referencia no que se atope matriculado .
O programa de traballo será entregado ao alumnado en outubro e estará dividido en dúas partes. O alumnado deberá entregar o portafolio de cada parte respectando as datas límites que figuran no calendario de actuacións. É dicir:
- A primeira parte será entregada o 15 de novembro.
- A segunda parte será entregada o 14 de febreiro.
- A terceira parte será entregada o 7 de abril.

O alumnado realizará dúas probas obxectivas nas datas sinaladas no calendario de actuacións. É dicir:
- A primeira proba realizarase o 26 de novembro.
- A segunda proba realizarase o 25 de febreiro.
- A terceira proba realizarase o 22 de abril.

A cualificación de cada parte realizarase do seguinte modo:
- Portafolio/Entrega do traballo realizado: 30% da nota.
- Proba escrita parcial: 70% da nota.

A nota final de curso será a resultante da media das cualificacións obtidas en cada unha das partes, media á que se lle aplicará o seguinte tratamento: Con decimal igual ou maior a 0,5 pasará ao número enteiro seguinte. Con decimal menor de 0,5 continuará co mesmo número enteiro. Ex: 5,5 pasará a 6, mentres que 5,4 contemplarase como 5.
A cualificación mínima para aprobar a materia é de 5 puntos.

O alumnado que non acade avaliación positiva poderá presentarse a unha proba de recuperación, en data a fixar pola xefatura de estudos.
Para o alumnado que se presente á proba final contemplarase a cualificación obtida nesta proba sempre e cando sexa superior á obtida inicialmente . A cualificación mínima para aprobar a materia é de 5 puntos.
No caso do alumnado que se atopa cursando un Programa de Diversificación Curricular ( PDC) considerarase que a materia pendente está recuperada se aproba o ámbito correspondente.Non obstante, disporá tamén da posibilidade de realizar tarefas ao longo do curso que lle permitan recuperar a materia pendente independentemente da cualificación obtida no ámbito.
Na entrega de traballos e na realización das probas obxectivas contemplaranse os mesmos criterios xa contemplados na avaliación do curso ordinario:
- O alumnado que non se presente, sen causa xustificada, a unha proba presencial, será avaliado cun 0 nesa proba. Se o/a alumno/a ten causa xustificada documentalmente, poderá realizar a proba noutra data no momento da súa incorporación ao centro.
- O alumnado que copie ou intente copiar nunha proba escrita será avaliado cun 0.
- As tarefas non presentadas contabilizarán como 0 .
- As tarefas presentadas fóra de prazo, sen causa xustificada, serán cualificadas cun 0. En caso de poder documentar causa xustificada, profesora sinalará ao alumno/a un novo prazo de entrega.
- As tarefas presentadas deberán ser producións propias do alumno/a. As tarefas que non sexan orixinais serán cualificadas cun 0.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación. Poderán presentarse propostas de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible ou reducir o volume de traballo con respecto do grupo de referencia. Procurárase que o alumnado con dificultades poida notar os seus propios avances para tratar de mellorar a súa motivación.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento se este alumnado amósase receptivo. Se non, procuraremos que ese afondamento parta das mesmas actividades coas que está traballando o grupo, evitando que poidan sentirse sinalados. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade, en función das necesidades de cada alumno e alumna, sairán das seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contémplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluirá, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X |
| ET.2 - Educación en valores | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC | X |

**Observacións:**

Os eixes básicos cos que traballaremos serán: a) A comprensión lectora e a expresión oral e escrita. - En contribución a o proxecto lector, adicando parte do tempo lectivo á lectura comprensiva e ao traballo cos textos, prestando especial atención á prensa, aproveitando a colaboración co xornal La Voz de Galicia. - Afondaremos no tratamento de textos históricos iniciado en cursos anteriores, realizando traballo de contraste de fontes e a integración da información de fontes diversas. - Elaboración de traballos escritos de distinto tipo e participación en debates ou exposicións orais utilizando o vocabulario pertinente e a corrección formal axeitada. - Propostas de lecturas voluntarias, que poderán sumar ata un máximo de 0,5 puntos complementarios por avaliación, previa presentación da tarefa proposta polo/a profesor. b) O traballo coas TIC: a comunicación audiovisual e a competencia dixital Pese a falta dos recursos cos que estamos a traballar en 3º da ESO, tentaremos fomentar os aspectos de: - Procura eficaz de información. - Selección de fontes fiables. - Navegar con seguridade en Internet. - Respecto ás normas da netiqueta. - Respecto aos dereitos de autor. - Ferramentas para crear presentacións, murais, mapas conceptuais, liñas do tempo. - Traballo cooperativo en rede. c) A educación en valores Aproveitando as particularidades da materia, combinaremos a procura e o coñecemento de exemplos pasados (tanto positivos como negativos), coa análise crítica do noso presente e a reflexión en propostas de futuro. Así, trataremos temas como: - Os desastres medioambientais, os conflitos armados e as inxustizas sociais. - A educación para a igualdade de oportunidades entre sexos. - O respecto á diversidade e o rexeitamento das discriminacións. - A valoración da necesidade dun desenvolvemento sustentable e o compromiso cos ODS. - O respecto ao patrimonio cultural. Isto irá acompañado polo fomento dos debates, a colaboración e o traballo en equipo.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Traballo co xornal (Colaboración con La Voz de Galicia) | Complementaria. | X | X | X |
| Propostas de lectura. | Complementaria. | X | X | X |

**Observacións:**

O departamento de Xeografía e Historia contemplará a participación en calquera actividade, relacionada cos contidos da nosa materia, organizadas ao longo do curso por parte doutros departamentos do propio instituto ou por entidades alleas ao centro e que poideran resultar de interese para o noso alumnado ( exposicións temporais, certames...)
Non obstante, entedemos que, co actual volume de alumnado do centro, resulta moi complicado organizar actividades que supoñan unha saída fóra do mesmo. Moitas veces, por motivos de aforo, estas saídas obrigan a organizar varias actividades silmutáneas entre as que poidan rotar diferentes grupos de alumnas e alumnos (cos problemas loxísticos que isto conleva: transporte, horarios...) ou a dividir a visita en varias xornadas (alterando dobremente o normal funcionamento do centro).
Ademais, polo observado en cursos anteriores, 3º da ESO é un curso no que tenden a acumularse un considerable número de actividades extraescolares, o que ás veces complica a nosa capacidade para manter un ritmo axeitado na materia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada criterio. |
| Metodoloxía empregada |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe. |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEE |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEE. |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. |
| 4. Flexibilízans os métodos e elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos criterios. |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |

| |
|---|
| Clima de traballo na aula |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. |
| 6. Mantivose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación |
| Outros |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. |

**Descrición:**

Estes indicadores serán valorados seguindo a seguinte escala:
ESCALA: 1.- DEFICIENTE 2.- APTO 3.- SATISFACTORIO 4.- EXCELENTE

Os primeiros 12 indicadores están destinados a valorar o proceso de ensino, mentres que os 17 seguintes están destinados a valorar a practica docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Atenderase especialmente aos seguintes indicadores:
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Asignación de cada criterio co peso correspondente na cualificación.
4. Asociación dos criterios de avaliación cos elementos transversais a desenvolver.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do libro de texto
7. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria
11. Adecuación das medidas de atención á diversidade.
12. Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
13. Contribución da materia ao plan de lectura do centro.
14. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados